ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A DENOMINADO "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA" E DO SOBRE B DENOMINADO "CRITERIOS OBXECTIVOS DE VALORACIÓN" DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SERVIZO DE TESOURERÍA E RECADACIÓN DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PÚBLICOS DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E RECOLLIDA, TRASLADO, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as trece horas do día 19 de outubro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SERVIZO DE TESOURERÍA E RECADACIÓN DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PÚBLICOS DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E RECOLLIDA, TRASLADO, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidenta:
Genma Otero Uhía, Concelleira delegada de Economía e Facenda.

Vogais:
Concepción Vilas Cantelar, Secretaria Accidental do Concello de Ames.
Margarita Fernández Sobrino, Interventora municipal do Concello de Ames.
Rogelio Pardo Martínez, xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames.

Secretaria:
M. Isabel Quintáns Rios, auxiliar administrativa do departamento de Contratación.

En Xunta de Goberno Local do 29 de setembro de 2016 no seu punto terceiro aprobouse expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade do *"Servizo de tesourería e recadación das taxas polos servizos públicos de abastecemento de auga potable, saneamento, depuración de augas residuais e recollida, traslado, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos do Concello de Ames"*

O 30 de setembro de 2016 remitíronse invitacións para participar neste procedemento de licitación ás seguintes entidades financeiras:

- A Banca (RS 7687/2)
- Banco Pastor (RS 7687/5)
- La Caixa (CaixaBank) (RS 7687/3)
- Banco Santander (RS 7687/6)
- Banco Sabadell-Gallego (RS 7687/4)
- BBVA (RS 7687/1)

Das entidades financeiras invitadas formularon proposta as seguintes:

- A Banca (RE 10216)
- Banco Pastor (RE 10307)

Tanto Banco Sabadell-Gallego (RE 10349) como La Caixa (CaixaBank) (RE 10298) manifestan por rexistro de entrada a vontade de non concorrer ao procedemento de licitación

En canto a Banco Santander como BBVA non presentan proposta nin manifestan a súa

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.gal
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

intención de non facelo.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación e valoración da documentación xeral contida no sobre A denominado Documentación Administrativa e no sobre B denominado Criterios obxectivos de valoración presentada polos licitadores.

Consta no expediente certificación da secretaría xeral dos licitadores que presentaron solicitude para participar na adxudicación do contrato do *"Servizo de tesourería e recadación das taxas polos servizos públicos de abastecemento de auga potable, saneamento, depuración de augas residuais e recollida, traslado, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos do Concello de Ames""*

A continuación procédese a apertura dos devanditos Sobres "A" nomeado "Documentación Administrativa" resultando o seguinte:

Entidade Financeira	CIF	
A BANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA.	A70302039	Presenta Anexo II (Declaración responsable previa ao cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, conforme ao artigo 146.4 do TRLCSP)
BANCO PASTOR SA	A86507092	Presenta Anexo II (Declaración responsable previa ao cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, conforme ao artigo 146.4 do TRLCSP)

Vista a documentación presentada decláranse admitidas ao procedemento de licitación do *"Servizo de tesourería e recadación das taxas polos servizos públicos de abastecemento de auga potable, saneamento, depuración de augas residuais e recollida, traslado, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos do Concello de Ames"* as entidades financeiras A Banca Corporación Bancaria SA. e Banco Pastor SA, procedéndose a apertura dos Sobres B denominados "Criterios Obxectivos de Valoración"

O tipo máximo de licitación é de 0,09 € para os recibos domiciliados e 0,09 para os recibos devoltos.

A propostas formuladas polas entidades financeiras son as seguintes:

Entidade Financeira	Oferta recibos domiciliados	Oferta recibos devoltos	Observacións
A BANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA.	0,08 €	0,08 €	A entidade financeira manifesta na súa proposta que non poderían garantir o cumprimento do establecido na cláusula 2.b).a)
BANCO PASTOR SA	0,09 €	0,00 €	

A mesa de contratación comproba minuciosamente a documentación aportada polas entidades financeiras. Ao examinar as mesmas a mesa observase que a proposta formulada por A Banca Corporación Bancaria SA contén unha NOTA que textualmente di *"No apartado 2.- condicións particulares, letra b) servizo de recadación, punto a) indican no derradeiro párrafo que as entidades poderiamos recoller órdes de domiciliación fóra do periodo de cobro e que estas se comunicarían ó concello por medio de correo electrónico. Esto é un tratamento "manual" que agora mesmo non poderíamos garantir"*, polo que a mesa de contratación determina que no caso de A Banca Corporación Bancaria SA a inclusión da citada NOTA non lle permite cumprir cos contidos establecidos nos Pregos de Prescricións Técnicas.

A continuación procédese ao calculo da puntuación correspondente a documentación do Sobre B denominados *""Criterios Obxectivos de Valoración"*.

Na valoración dos "Criterios Obxectivos de Valoración" outorgarase 70 puntos ao menor prezo ofertado para xestión dos recibos domiciliados, e 20 puntos para o menor prezo ofertado para xestión dos recibos domiciliados devoltos.

Entidade Financeira	Oferta recibos domiciliados	Oferta recibos devoltos	Putuación
BANCO PASTOR SA	70	20	90

A vista das puntuacións obtidas, a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- Propoñer ao órgano de contratación a exclusión da entidade financeira A Banca Corporación Bancaria SA. por non poder cumplir cos contidos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas.

Segundo.- Trasladar ao órgano de contratación a clasificación de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización do servizo para o *Servizo de tesourería e recadación das taxas polos servizos públicos de abastecemento de auga potable, saneamento, depuración de augas residuais e recollida, traslado, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos do Concello de Ames"* á entidade financeira **BANCO PASTOR SA,** con CIF A86507092 nos prezos seguintes:

Prezo para a xestión dos recibos domiciliados 0,09 €uros e prezo para a xestión dos recibos devoltos 0,00 €uros

Asi como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola entidade financeira.

E non habendo máis asuntos que tratar a señora presidenta deu por rematado o acto, sendo as trece horas e trinta minutos do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria das mesa, certifico.